

BIODIVERSIDADE DE PAPEL

Declaración do Colexio de Biólogos de Galicia con motivo do Día Mundial da Biodiversidade que se celebra o domingo 22 de maio

A teoría ecolóxica fálanos de que certas particularidades bioxeográficas, climáticas, xeolóxicas e históricas fan que Galicia posúa unha notable riqueza biolóxica e unha elevada diversidade de ecosistemas. Existen, por outra banda, abondosos elementos no marco normativo relativo á conservación da natureza de aplicación na nosa Comunidade Autónoma que recollen con detalle as obrigas, mecanismos e as responsabilidades principais para evitar o deterioro da nosa biodiversidade.

O desfase existente entre a teoría ecolóxica e de conservación da biodiversidade e a práctica efectiva das directrices teóricas fai que se considere a existencia dunha denominada ‘conservación de papel’. O perigo deste desfase entre teoría e práctica radica no feito de que se crea unha sensación de confianza nun marco operativo e normativo que supostamente está a asegurar o mantemento do medio ambiente nun estado de conservación axeitado. Así e todo, e mentres que a teoría de conservación non se chega a trasladar á práctica, ou faino só parcialmente, esa sensación de confianza impide que se aprecie o deterioro real do medio e se actúe en consecuencia.

Existen diversos exemplos desa ‘conservación de papel’ na xestión da biodiversidade de Galicia. A lei de conservación da natureza, en vigor desde o ano 2001, recolle a obriga de crear un catálogo galego de especies ameazadas. Este catálogo foi regulado seis anos despois, mediante un decreto no que se establece a necesidade de elaborar plans de recuperación e conservación para as especies ameazadas. Podemos pensar que a liña de traballo que participa na conservación da biodiversidade galega a través da preservación das especies está amplamente desenvolvida e posúe uns fundamentos sólidos. Sen embargo, xa pasaron dez anos desde que a lei básica de conservación da natureza establecía a necesidade de desenvolver instrumentos de xestión de especies, e ningún deles foi aprobado nese período.

A creación de espazos protexidos que salvagarden a biodiversidade é outra liña de actuación dentro do marco teórico da bioloxía da conservación. Durante os últimos anos véñense producindo anuncios dunha importante ampliación do número e superficie dos espazos incluídos na Rede Natura 2000 en Galicia. Por outra banda, e mentres ese proceso de ampliación dos espazos naturais non se consolida, son moi poucos os espazos protexidos en Galicia que contan con ferramentas normativas de xestión aprobadas e sometidas a procesos de participación pública. De novo pode existir a ilusión de que existe un traballo importante e un marco normativo detallado que asegura a preservación da biodiversidade a través da creación de espazos protexidos, e sen embargo os resultados dese traballo e ese marco normativo non se ven reflectidos aínda na inclusión real das políticas de conservación como elemento principal da ordenación do noso territorio.

Porén, teñen moito de real as especies invasoras que constantemente aumentan en número e en efectos prexudiciais en Galicia: os visóns americanos que comprometen seriamente a conservación a curto prazo do corvo mariño cristado, o perigoso bambú xaponés que ameaza con proliferar abundantemente desde as ribeiras do río Louro ao resto do territorio, ou o fento de auga que podería modificar profundamente os ecosistemas doceacuícolas de todo o país. A pesares da gravidade da situación actual producida polas especies invasoras, o marco legal galego a este respecto resulta confuso e débil, e a resposta de administracións e institucións científicas excesivamente lenta e desordenada.

No día no que prestamos unha atención particular á biodiversidade e á súa conservación, cómpre lembrar que as ameazas que comprometen a preservación do medio ambiente galego teñen, tristemente, moito máis de real que a teoría ecolóxica e as obrigas legais que deberían rexer as políticas transversais de xestión do patrimonio natural, e débese destacar que xa existen compromisos que, no papel, obrigan á sociedade e ás súas institucións (investigadoras, administrativas, etc.) a que o importante compendio de teoría e normativa de conservación existente sexa canto antes convertido en prácticas reais, transversais, e funcionais, que de verdade teña como obxectivo a redución da perda de biodiversidade no noso país, e non simplemente crear a ilusión de que ese obxectivo está realmente a ser, tan sequera, considerado nas distintas políticas xerais e sectoriais de Galicia.